

PRESENTACIÓN

Despois de 10 anos de traballo a prol da cultura en Bueu, a Asociación Cultural "As Lagoas" quere compartir con todos vos a celebración deste 10º Aniversario.

Aló polo ano 88, un grupo de vintetantas persoas preocupadas pola falla de iniciativas culturais no noso pobo toman a iniciativa de constituirse en asociación cultural. E empezan a camiñar cun grupo de teatro infantil, charlas informativas, recuperación de vellas fotografías,... ata hoxe. As actividades cambian, algunhas persoas xa non están no proxecto e outras fóreronse incorporando a él.

Un proxecto que vai cambiando e adaptándose ás realidades socioculturais da comunidade.

Un proxecto que se vai concretando día a día, ás veces coa concurrencia doutros colectivos, outras só co traballo dos nosos asociados e colaboradores.

Con esta pequena publicación queremos compartir-la celebración de 10 anos de traballo. Nela tamén nos acompañan colectivos que agora mesmo forman parte do movemento asociativo e cultural de Bueu, persoeiros que ó longo destes 10 anos nos brindaron coa súa presencia ánimo para seguir traballando, compañeiros de andaina,...

E coidamos que ainda nos quedan forzas para seguir facendo camiño.



Bueu, 10 de xuño de 1999

O PRESIDENTE
Xosé Antón Freire

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'X. FREIRE'.